



ORDENANZA 3.19 TAXA POLA UTILIZACIÓN DOS SERVICIOS DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES

Artigo 1º. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e consonte ó disposto nos artigos 15 e 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola utilización dos servizos da estación de autobuses, que se rexerá por esta Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúeo a utilización de calquera dos servizos ou instalacións de carácter xeral comprendidos no recinto da estación de autobuses, independentemente do arrendamento ou contratación de locais, dependencias e outros elementos.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas que soliciten ou se beneficien da prestación de servizos e utilización de instalacións da estación de autobuses.

Artigo 4º. Cota tributaria

1. Tarifa A.

Por entrada ou saída dun autocar ó rematar inicia-la viaxe e escala de vehículo en tránsito:

A-1 Ata 15 Km	0,147032 €
A.-2 De 16 a 30 Km.	0,253964 €
A-3 De 31 a 50 Km.	0,253964 €
A-4 De 51 a 80 Km.....	0,427729 €
A-5 De 81 a 200 Km.	0,701742 €
A-6 De máis de 200 Km.	1,804479 €

2. Tarifa B.

Billetes de andén.....0,066832 €

3. Tarifa C.

Por utilización dos servizos xerais da Estación, por cada billete expedido en tódalas liñas, abono ou cargo do viaxeiro que salga ou renda viaxe na mesma, por cada entrada ou saída:

C-1 Ata 15 Km.	0,030075 €
C-2 De 16 a 30 Km.	0,066832 €
C-3 De 31 a 50 Km.	0,066832 €
C-4 De 51 a 80 Km.	0,144785 €
C-5 De 81 a 200 Km.	0,253964 €
C-6 De 201 a 500 Km.	0,601493 €
C-7 De máis de 500 Km.	0,768541 €

4. Tarifa D.

Por alugamento mensual de taquillas para despacho de billetes:

D-1 Importe por taquilla ata 3 liñas	40,099527 €
D-2 Por cada línea máis	12,029858 €

5. Tarifa E.

Facturación de equipaxes e encargos en consigna:

E-1 Mínimo percepción por paquete	0,768574 €
E-2 por cada Kg. de exceso	0,066832 €

6. Tarifa F.

Recepción e entrega de equipaxes e encargos en consigna:

F-1 Bulto 1º día	0,601493 €
F-2 días sucesivos	0,300740 €

7. Tarifa G.

Aparcamiento de vehículos:

G-1 de 22 a 7 horas	3,074297 €
G-2 de 7 a 22 horas:	
Primeira hora	0,601493 €
Cada hora máis	0,300746 €

8. Tarifa H.

Aparcamientos discretos:


H-1 Prezo por hora	2,004976 €
--------------------------	------------

Artigo 5º. Obriga de contribuir

A taxa devengarase e nace a obriga de contribuir dende que escomeza a prestación do servizo ou utilización das instalacións.

Artigo 6º. Normas de xestión

As liquidacións e pagamento das tarifas anteriores efectuarase de acordo ca periodicidade sinalada.



Artigo 7. Infraccións e sancións

Para todo o relativo a calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día oito de novembro de dous mil catro. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil cinco, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación

